



Guía Docente			
Datos Identificativos			2020/21
Asignatura (*)	Lingua Galega 2	Código	613G03014
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria
Idioma	Galego		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Letras		
Coordinación	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es
Profesorado	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es
Web			
Descripción xeral	Estudo normativo da lingua galega.		
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán mudanzas nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manteranse todas as metodoloxías. Unicamente será modificada a modalidade de impartición nas metodoloxías que impliquen presencialidade, a cal será substituída pola modalidade de impartición telemática, realizando sesións síncronas/asíncronas a través de Teams ou ben facilitando presentacións xerais e breves lecturas complementares a través da plataforma Moodle. *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico, Moodle e Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Manteranse todas as metodoloxías presentes na avaliación con normalidade presencial adaptada. No caso da avaliación da ?Proba mixta? e da ?Presentación oral?, estas realizaranse telematicamente, podendo ofrecerse tanto de maneira síncrona como asíncrona, cuxas características e datas serán comunicadas ao alumnado a través de Moodle con suficiente antelación.</p> <p>*Observacións de avaliación: Non haberá modificacións.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán mudanzas. Se for necesario, o alumnado disporá de todos os materiais de traballo de maneira dixitalizada en Moodle.</p>		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Adquirir capacidade de autoformación		B3
Coñecer resultados de investigación e colocalos en relación co desenvolvemento tecnolóxico e avance socioeconómico e cultural da sociedade		B9
Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios utilizando técnicas de análise textual	A2	
Ser consciente da utilidade e necesidade da diversidade, atuando eticamente perante ela, con parámetros de xustiza e igualdade	B8 B10	



Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse		B9	C6
Demostrar que é capaz de se expresar correctamente, tanto de forma oral coma escrita, en galego.	A18		C1
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas		B5	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno		B4	
Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Ser capaz de utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información		B1	
Coñecer a historia e a cultura da comunidade galega	A17	B5	
Ser capaz de explicar a variación lingüística da lingua galega	A20		
Demostrar coñecemento da situación sociolingüística da lingua galega	A19		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica	A15		
Conseguir avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada	A11		
Atinxir un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega	A4		
Demostrar capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións	A10		
Ser capaz de elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega	A9		

Contidos

Temas	Subtemas
1. Norma e calidad lingüística: caracterización do modelo culto da lingua no século XXI	1.1. A norma, a variación lingüística e a calidad lingüística 1.2. Aspectos ortográficos, ortolóxicos e fónicos 1.3. Aspectos morfossintácticos 1.4. Aspectos léxico-semánticos 1.5. Aspectos pragmáticos
2. A variación lingüística: usos e norma	2.1. Variación dependente do/a usuario/a: idade e xénero 2.2. Variación dependente do uso: estilo, contexto e rexistro 2.3. Lingua oral e lingua escrita. A lingua literaria como modelo
3. A planificación do status da lingua galega	3.1. A planificación lingüística e a planificación da lingua galega 3.2. O encadramento legal do galego: evolución histórica e situación actual 3.3. Ámbitos e usos lingüísticos
4. A planificación do corpus da lingua galega	4.1. O proceso de estandarización do galego. Grupos, institucións e criterios normativos
5. As modalidades do galego	5.1. A lingua da Galiza e outros modelos do sistema lingüístico galego-portugués 5.2. Galego, portugués, brasileiro. Análise contrastiva 5.3. A variación lingüística na Galiza e na Lusofonía/Galeguía

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A2 A4 A9 A10 A11 A15 A17 A18 A19 A20 B4 B6 B7 C1	0	10	10
Traballos tutelados	A2 A4 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C1	2	30	32
Sesión maxistral	A4 A11 A14 A18 B3 B5 B7 B8 B9 B10 C6	21	10	31



Lecturas	A2 A10 A11 A14 B1 B3 B5 B7 C6	0	12	12
Obradoiro	A2 A4 A9 A10 A11 A14 A18 A19 A20 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1	15	15	30
Presentación oral	A2 A4 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B10 C1	2	6	8
Solución de problemas	A2 A4 A9 A10 A11 A15 A18 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B10 C1	2	24	26
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Proba mixta	Proba escrita de avaliación que combinará actividades de carácter teórico-práctico en que se demostrarán os contidos e as competencias adquiridas na materia.
Traballos tutelados	Realización por parte do alumnado dun traballo baixo a tutela do profesorado da materia para consolidar os coñecementos teórico-prácticos e para fomentar a aprendizaxe autónoma e colaborativa. As indicacións para a realización e entrega do traballo tutelado daranse no inicio do curso e estarán penduradas en Moodle.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Lecturas	Realización da lectura de artigos puntuais sobre aspectos concretos do temario.
Obradoiro	Nas sesións de docencia interactiva (grupo intermedio) e nas titorías de grupo reducido, co apoio do profesorado da materia, realizaranse diversas actividades prácticas, en que se inclúen exercicios escritos, solucións de problemas, probas de discriminación, discusións dirixidas, probas de completar, corrección de textos, aplicación de normas, análise de fontes documentais, prácticas a través de TIC, traballo en grupo e aprendizaxe colaborativa. Alén destas actividades prácticas, destinadas á consolidación dos contidos presentados na "Sesión maxistral"; no "Obradoiro" daranse as pautas para poder elaborar as prácticas de entrega englobadas nas metodoloxías denominadas "Solucións de problemas"; "Traballo tutelado"; e "Presentación oral".
Presentación oral	Nas últimas semanas do cuadri mestre, o alumnado terá que realizar unha proba oral a partir das instruccións facilitadas previamente polo profesorado da materia.
Solución de problemas	Como complemento á "Sesión maxistral" e ao "Obradoiro", o alumnado deberá realizar unha serie de ACTIVIDADES PRÁCTICAS non presenciais de aplicación dos contidos teóricos á práctica. As instrucións para a realización e entrega do traballo tutelado daranse no inicio do curso e estarán penduradas en Moodle.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Solución de problemas	Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente -que non únicamente- para o apoio na realización do "Traballo tutelado". De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.
Obradoiro	
Presentación oral	
Traballos tutelados	Así mesmo, para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudiante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do traballo, ben no horario de atendimento ben a través do correo electrónico. Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudiantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Solución de problemas	A2 A4 A9 A10 A11 A15 A18 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B10 C1	Será avaliada a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica e mais a corrección na análise e na expresión escrita, a capacidade analítica e crítica, así como a adecuación aos obxectivos formulados polo profesorado para cada actividade destas características.	25
Presentación oral	A2 A4 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B10 C1	Será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñible, a utilización dos recursos tecnolóxicos, o traballo en equipo e a utilidade da presentación para os propósitos da materia.	10
Traballos tutelados	A2 A4 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C1	Serán avaliadas a corrección lingüística, as estratexias e procedementos expositivos utilizados, os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo Tutelado".	25
Proba mixta	A2 A4 A9 A10 A11 A15 A17 A18 A19 A20 B4 B6 B7 C1	Serán avaliadas a corrección lingüística e expositiva, así como a adecuación entre o exposto na proba mixta e os contidos presentados e estudiados nas sesións maxistrais e no obradoiro.	40

Observacións avaliación

1. OBSERVACIÓN XERAIS DE AVALIACIÓN1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter 5 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos avaliábeis.1.2. Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará en Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado ou que non cumpran coas pautas indicadas non serán obxecto de avaliación.1.3. Todas as actividades ou probas deberán cumplir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o día 06/07/2018 e pendurado en Moodle).1.4. Se houber criterios específicos de avaliación para algúns das tarefas propostas, estes serán oportunamente dispoñibilizados polo profesor responsable da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas e/ou a través de Moodle. O/a docente proporcionará, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.1.5. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados a unha ferramenta informática para a detección do plaxio e de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algúns destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e mestrado universitario" da Universidade da Coruña (artigo 14).2. AVALIACIÓN DA 2.ª OPORTUNIDADE (xullo)2.1. Na 2.ª oportunidade, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.2.2. As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliação continuada deberán concorrer á 2.ª oportunidade (xullo). Para superaren a mateira nesta oportunidade, os/as alumnos/as deberán aprobar (con 5 puntos sobre 10) aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsable da materia e que serán realizadas na data fixada pola Facultade de Filoloxía. Igualmente, poderán ser recuperadas todas aquelas tarefas non superadas ou non presentadas na oportunidade anterior.3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO3.1. O alumnado que se presentar á convocatoria adiantada de decembro terá que contactar previamente co profesorado da materia e, para superala, deberá realizar unha "Proba mixta" (5 puntos), unha "Presentación oral" (2 puntos) e un "Traballo tutelado" (3 puntos).4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO (NP)4.1. Será considerado Non Presentado aquel alumnado que non se presentar á "Proba mixta" e que non presentar ningunha das actividades contempladas na avaliação.5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA5.1. O estudiantado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida entregará as actividades obligatorias nunha data concertada previamente co profesorado. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puder asistir ao atendimento, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.6. ALUMNADO DE SEGUNDA MATRÍCULA6.1. O alumnado de segunda matrícula que non poida asistir ás aulas deberá contactar co profesorado da materia.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Rodrigues Fagim, V. (2001). O galego (im)possível. Santiago de Compostela. Laiemento- Álvarez de la Granja, M. / González Seoane, E. X. (eds.) (2003) (2003). A estandarización do léxico. Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega- Cassany, D. (2008). La cocina de la escritura. Barcelona. Anagrama- Estrela, E. / J. D. Pinto-Correia (2001). Guia Essencial da Língua Portuguesa para a Comunicação Social. Lisboa. Editorial Notícia- Estrela, E. / M. A. Soares / M. J. Leitão (2004). Saber Escrever Saber Falar. Lisboa. Dom Quixote- Feixó Cid, Xosé (2004). Gramática da lingua galega. Vigo. Xerais- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Manual de gramática galega. Vigo. A Nosa Terra- Freixeiro Mato, X. R. (2009). Lingua de calidade. Vigo. Xerais- García Cancela, X. / C. L. Díaz Abraira (1994). Manual de linguaxe administrativa. Santiago de Compostela. Escola Galega de Administración Pública / Xunta de Galicia- García Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laiemento- Hermida Gulías, Carme (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe) . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco- Hernández Guerrero, J. A. / M. C. García Tejera (2004). El arte de hablar. Manuel de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona. Ariel- Koch, I. G. V. (2005). Desvendando os segredos do texto. São Paulo: Cortez, 4ª ed.- López Viñas, X. / Lourenzo Modia, C. / Moreira Leirada, M. (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Bahía- Monteagudo, H. (ed.) (1995). Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto. Vigo: Galaxia- Ríos Noia, M. / M. L. Pita Rubido / R. J. Noguerol Gómez / B. Brozos Mera (2007). Manual de documentos administrativos. A Coruña. Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións, Universidade da Coruña- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Criterios para o uso da lingua . A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.- Sanmartín Rei, G. (2008). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo. Xerais- Vilela, M. / I. Villaça Koch (2001). Gramática da Língua Portuguesa . Coimbra: Livraria Almedina- Sánchez Rei, X. M. / Marques, A. (2016). As ciências da linguagem no espaço galego-português: diversidade e convergência. A Coruña, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa- González Rei, B. (2004). Ortografía da lingua galega. A Coruña: Galinova- Sánchez Rei, X. M. (ed.) (2014). Modelos de lingua e compromiso. A Coruña: Baía Edicións- RAG / ILG (2012). Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego. A Coruña: RAG- Comissom Lingüística da Associaçom Galega da Língua (2012). O modelo lexical galego. Santiago de Compostela: Através Editora- Regueira, X. L. (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega- Monteagudo Romero, H. (2017). Historia social da lingua galega. Vigo: Galaxia- Freixeiro Mato, X. R. (2013). Estilística da lingua galega. Vigo: Xerais <p>
</p>
---------------------	---



Bibliografía complementaria	<p>- Calsamiglia Blancafort, H. / A. Tusón Valls (1999). Las cosas del decir: manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel</p> <p>- Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega</p> <p>- Flesch, R. / A. H. Lass (1996). The Classic Guide to Better Writing. New York: Harper Resource</p> <p>- Garrido, C. (2001). Aspectos Teóricos e Práticos da Traduçom Científico-Técnica (Inglês&gt;Galego). Ourense: Associaçom Galega da Língua</p> <p>- Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversação. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2000). Da fala para a escrita. São Paulo: Cortez</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2001 [1986]). Análise da conversação. São Paulo: Ática</p> <p>- Plantin, Ch. (1998). La argumentación. Barcelona: Ariel</p> <p>- Reyes, G. (1998). Cómo escribir bien en español. Manual de redacción. Madrid: Arco Libros</p> <p>- Sánchez Rei, X. M. (2006). A lingua galega no cancioneiro de Pérez Ballesteros. Santiago de Compostela: Liovento</p> <p>- Serrano Serrano, J. (2002). Guía práctica de redacción. Madrid: Anaya</p> <p>- Studer, Jürg (2000 [1996]). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac</p> <p>- Vallejo-Nágera, J. A. (1990). Aprender a hablar en público hoy. Barcelona: Planeta</p> <p>- Weston, Anthony (2004). Las claves de la argumentación. Barcelona: Ariel, 9ª ed</p> <p>- Zinsser, W. (2005). On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction. New York: Collins</p> <p>Entregarase unha bibliografía complementaria e específica por temas.</p> <p>Adam, J. M. (1992): Lestextes: Types et prototypes(Paris: Nathan).</p> <p>Bordons, G. /J. M. Castellà / E. Costa (1998): TXTLalingüística textual aplicada al comentari de textos(Barcelona: Universitat de Barcelona).</p> <p>Calsamiglia Blancafort, H. / A.Tusón Valls (1999): Lascosas del decir: manual de análisis del discurso(= Ariel Lingüística) (Barcelona: Ariel).</p> <p>Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008): Perspectivassobre a oralidade(Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).</p> <p>Flesch, R. /A. H. Lass (1996):The Classic Guide to Better Writing(New York: Harper Resource).</p> <p>Freixeiro Mato, X. R. (2006)[2003]: Gramática dalingua galega IV. Gramática do texto(Vigo: A Nosa Terra).</p> <p>FuentesRodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2002): Mecanismoslingüísticos de la persuasión: cómo convencer con palabras(= Biblioteca Philologica) (Madrid:Arco/Libros).</p> <p>FuentesRodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2007): Laargumentación lingüística y sus medios de expresión(Madrid: Arco Libros).</p> <p>Garrido, C. (2001): AspectosTeóricos e Práticos da Traduçom Científico-Técnica(Inglês>Galego)(Ourense: Associaçom Galega da Língua).</p> <p>Kerbrat-Orecchioni,C. (2006): Análiseda conversação. Princípios e métodos.Trad. C. Piovezani Filho (São Paulo: Parábola).</p> <p>Koch, I. G. V.(1992): Ainter-ação pela linguagem(São Paulo: Contexto).</p> <p>Koch, I. G. V.(1997): Otexo e a construçao dos sentidos(São Paulo: Contexto).</p> <p>Koch, I. G. V.(2004): Introduçaoà lingüística textual(São Paulo: Martins Fonte).</p> <p>Koch, I. G.V., A. C. Bentes e M. M. Cavalcante (2007): Intertextualidade:Diálogos Possíveis(São Paulo: Cortez).</p> <p>Marcuschi, L.A. (1983): Lingüísticado texto: o que é e como se faz(Recife: Universidade Federeal de Pernambuco).</p> <p>Marcuschi, L.A. (2000): Dafala para a escrita(São Paulo: Cortez).</p> <p>Marcuschi, L.A. (2001) [1986]: Análiseda conversação(São Paulo: Ática).</p> <p>Moreira, I. (2007):Correspondênciamercial (Lisboa:Edições Técnicas e Profissionais).</p> <p>Plantin, Ch. (1998): Laargumentación(Barcelona: Ariel).</p> <p>Reyes, G. (1998): Cómoescribir bien en español. Manual de redacción(Madrid: Arco Libros).</p> <p>Sánchez Rei, X. M. (2006): Alingua galega no cancioneiro de Pérez Ballesteros(Santiago de Compostela: Liovento).</p> <p>Santiago Guervós, J. de (2005):Principios de comunicación persuasiva (Madrid: Arco Libros).</p> <p>Serrano, J. (2002): Guiapráctica de redacción (Madrid: Anaya).</p> <p>Studer, Jürg (2000) [1996]: Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer (Madrid: El Drac).</p> <p>Vallejo-Nágera, J. A. (1990): Aprender a hablar en público hoy (Barcelona: Planeta).</p> <p>Weston, Anthony (2004). Lasclaves de la argumentación(Barcelona: Ariel, 9ª ed.).</p> <p>Zinsser, W.(2005): OnWriting Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction(New York: Collins).</p>
-----------------------------	--

Recomendacions

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Galega 1/613G01002

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías